Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Pedras

CATEGORÍAS RELACIONADAS

A cova da Paralaia

No monte da Paralaia, en Moaña (Pontevedra), existía unha cova que os mouros escavaran ata facer un túnel de varios quilómetros que a conectaba coa Torre, en Meira (outra parroquia de Moaña). Por ela transportaban os seus tesouros e se te arrimabas á entrada e te parabas podías escoitar o mar, xa que tamén había quen dicía que chegaba por outra banda a Punta de Udra, no veciño Concello de Cangas.

Nesta cova, outra lenda fala de que, nada máis entrar, existía un cruce de sete camiños. Todo aquel que elixira un destes camiños convertíase en escaleira.

Máis información sobre as lendas da Paralaia

[Lenda remitida por Soledad Ríos Santomé, de Moaña (Pontevedra)]

BIBLIOGRAFÍA

CUBA, X. R., MIRANDA, X. E REIGOSA, A., Diccionario dos seres míticos galegos, Xerais, Vigo, 1999.

VILLAVERDE ROMÁN, X. C., Lendas de Moaña, Agrupación cultural Nos, Moaña, 1988.